

## BATERÍA DE PREGUNTAS

1. Que é a paisaxe?
2. Cales son os dous elementos máis determinantes nunha paisaxe?
3. Que diferenza hai entre unha paisaxe natural e unha paisaxe humanizada?
4. Que diferenza hai entre unha paisaxe de interior e unha paisaxe de costa?
5. Enumera e define os elementos naturais das paisaxes.
6. Enumera os elementos construídos polo ser humano nunha paisaxe e pon exemplos de cada un.
7. Completa a táboa con diferentes elementos da paisaxe de Ferrol como no exemplo:

Elemento	Natural	Construído polo ser humano
Cabo Prior	X	

8. Identifica as diferentes paisaxes do mundo:

PAISAXE	CARACTERÍSTICAS
	Son grandes extensións de herbas altas, tamén chamadas pradarias ou pampas. Están nas zonas do interior do continente.
	Está formada por herbas, arbustos e árbores dispersas. Están nas zonas onde a estación seca é longa.
	Vexetación moi escasa, salvo nos oasis, que poden aparecer algúns arbustos e árbores. Están nas zonas máis secas e próximas aos trópicos.
	Está formada por bosques de coníferas nas zonas máis baixas e por liques e carrizas nas zonas máis altas.
	Vexetación abundante con árbores moi altas e plantas rubideiras. Sitúanse nas zonas próximas ao ecuador.
	Abundantes árbores de folla caduca, propio das zonas costeiras bañadas por océanos.
	Vexetación moi densa, propia das zonas húmidas e altas temperaturas todo o ano.
	Abundan as árbores de folla perenne. Paisaxe propia das zonas bañadas polo mar Mediterráneo.

9. Identifica que tipo de paisaxe ten cada un destes lugares:

LUGAR	PAISAXE
Costa galega	
Pirineos	
Castela e León	
Valencia	
Lanzarote	
Menorca	
País Vasco	
Ceuta e Melilla	
Cordilleira Cantábrica	
Depresión do Guadalquivir	

10. Que son os recursos naturais?

11. Para que aproveita o ser humano os recursos naturais?

12. Que accións do ser humano poden provocar un impacto no equilibrio natural do medio? Pon algúns exemplos.